

RESOLUCIÓN REITORAL DE 12 DE XULLO DE 2024 POLA QUE SE ACTUALIZAN AS LISTAXES DE ACREDITADOS/AS PARA PRAZAS DE PERSOAL PERMANENTE LABORAL, PROFESORADO TITULAR E CATEDRÁTICO/A NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Consello de Goberno, na sesión do 20 de marzo de 2019, acordou aprobar o *“Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo”*, modificado na sesión do 2 de marzo de 2023, establecendo medidas de promoción coa finalidade de regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas destinadas a acceder ao funcionariado nos corpos docentes da Universidade de Vigo mediante convocatoria nas correspondentes ofertas de emprego público. Entre elas, establécese a elaboración das correspondentes listaxes de acreditados como procedemento para articular o dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionarios nos corpos docentes universitarios.

Neste Plan de Promoción, o apartado 4, da cláusula IV (*“Medidas previstas e cronograma”*) establece que

“As listaxes de acreditados actualizaranse dúas veces cada ano (preferentemente xullo e decembro), nas que se incluírá ao profesorado que solicite estar incluído nestas listaxes. O profesorado que non estea incluído poderá solicitar á súa incorporación ás mesmas. Nestas listaxes indícarase se os solicitantes cumpren ou non os requisitos de promoción indicados na lei. Para iso, a Universidade de Vigo establecerá, se é preciso, dúas convocatorias anuais. Unha vez finalizada ditas convocatorias, os solicitantes serán incluídos na listaxe correspondente, ordenados entre eles segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes de acreditados poderá solicitar ser eliminado dos mesmos en calquera momento”.

Por outra banda, o Consello de Goberno, na sesión do 27 de outubro de 2021, acordou aprobar o *“Procedemento e criterios de prelación para a saída a concurso de prazas de profesorado Contratado Doutor a tempo completo ocupadas interinamente na Universidade de Vigo”*, establecendo medidas de promoción coa finalidade de regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas de profesorado Contratado Doutor na Universidade de Vigo mediante convocatoria nas correspondentes ofertas de emprego público. Ademais, na sesión do 31 de outubro de 2022, o Consello de Goberno acordou aprobar o *“Procedemento e criterios de prelación para a saída a concurso de prazas de Profesorado Contratado Doutor a tempo completo do Profesorado Axudante Doutor na Universidade de Vigo”*, establecendo medidas de promoción coa finalidade de regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas de Profesorado Contratado Doutor na Universidade de Vigo mediante convocatoria nas correspondentes ofertas de emprego público.

A Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU), que derroga a anterior Lei 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, decreta a eliminación da acreditación previa para a figura de Profesorado Axudante Doutor e a substitución progresiva da figura de profesorado Contratado Doutor pola de Profesorado Permanente Laboral. Entre outras disposicións, na súa disposición transitoria octava, dita Lei Orgánica indica que as universidades que teñan máis dun 20% do seu cadro docente –computado en efectivos, con contratos laborais de Profesores/as Substitutos/as, Profesores/as Visitantes, Profesores/as Distinguidos/as e Profesores/as Asociados/as, excluindo ao profesorado asociado de Ciencias da Saúde– implantarán

“... Un programa de promoción interna a Profesorado Permanente Laboral ou figuras equivalentes da normativa autonómica para as persoas que, estando contratadas con carácter indefinido e contando coa acreditación, teñan desempeñado na data de publicación da convocatoria actividades docentes en universidades públicas españolas durante alomenos cinco cursos académicos dos últimos sete anos a través dos contratos de Profesorado Asociado ou outros contratos de duración igual ou inferior a un ano previstos na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro”.

Co fin de levar a cabo a organización docente, planificar convocatorias e, de ser o caso, informar a definición de novos plans, faise necesaria a actualización das listaxes de persoas acreditadas. Así pois,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Primeiro. Abrir prazo para a actualización da listaxe de persoas acreditadas Catedrático/a de Universidade, que determinará a orde de convocatoria de prazas segundo o Plan de Promoción a tal categoría e, de ser o caso, informará a definición de novos plans. No ANEXO I achégase a listaxe de acreditacións recibidas dende a RR do 15 de novembro de 2023 (pola que se publicaron as anteriores listaxes definitivas de acreditados/as contempladas no plan de promoción a profesor/a titular e catedrático/a, con corrección de erros de 17 de novembro e de 23 de novembro) ata a publicación desta Resolución.



Segundo. Abrir prazo para a actualización da listaxe de persoas acreditadas para Profesor/a Titular de Universidade, que determinará a orde de convocatoria de prazas segundo o Plan de Promoción a tal categoría e, de ser o caso, informará a definición de novos plans. No ANEXO II achégase a listaxe de acreditacións recibidas dende a RR do 15 de novembro de 2023 (pola que se publicaron as anteriores listaxes definitivas de acreditados/as contempladas no plan de promoción a profesor/a titular e catedrático/a, con corrección de erros de 17 de novembro e de 23 de novembro) ata a publicación desta Resolución.

Terceiro. Abrir prazo para a actualización da listaxe de persoas acreditadas para Profesorado Contratado Doutor, para informar a definición de plans que dean lugar a convocatorias de prazas de Persoal Permanente Laboral. No ANEXO III achégase a listaxe de acreditacións recibidas dende a RR do 15 de decembro de 2023 (pola que se publicaron as anteriores listaxes definitivas de acreditados/as a contratado/a doutor/a) ata a publicación desta resolución.

Cuarto. Establecer un prazo **ata o 26 de xullo de 2024 (incluído)** para que as persoas interesadas que formen parte do cadro de PDI da Universidade de Vigo comuniquen as súas acreditacións por Sede Electrónica (procedemento SXER, instancia xenérica) á Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Académica.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación) perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 30/05/2024

O vicerreitor de Profesorado e Ordenación Académica

Martín López Nores



ANEXO I

LISTAXE DE ACREDITACIÓNS A CATEDRÁTICO/A DE UNIVERSIDADE RECIBIDAS DENDE A RR DO 15 DE NOVEMBRO DE 2023 (Orde alfabética)

DEPARTAMENTO	ÁREA	APELLIDOS	NOMBRE
C02	A0240	ALONSO VEGA	MARÍA FLORA
H12	A0814	DEL POZO TRIVIÑO	MARÍA ISABEL
C02	A0240	FERNÁNDEZ CALVIÑO	DAVID
X14	A0105	FERNÁNDEZ SOUTO	ANA BELÉN
X02	A0381	GARRIGA DOMÍNGUEZ	ANA
C03	A0060	GIL MARTÍN	EMILIO
T04	A0555	LONGO GONZÁLEZ	Mª ASUNCIÓN
T04	A0780	MARTÍNEZ SUÁREZ	SIDONIA
X09	A0095	OTERO NEIRA	MARÍA DEL CARMEN
C07	A0640	PÉREZ LAMELA	CONCEPCIÓN
C11	A0755	PÉREZ LORENZO	MOISÉS
X04	A0215	RAPOSO RIVAS	MANUELA
C07	A0640	RIAL OTERO	RAQUEL
X04	A0215	RICOY LORENZO	MARÍA DEL CARMEN
H12	A0814	ROMERO FRESCO	PABLO
X09	A0650	SARTAL RODRÍGUEZ	ANTONIO
T03	A0545	SEGADE ROBLEDA	ABRAHAM
T14	A0800	VAZQUEZ ALEJOS	ANA MARÍA
X01	A0813	VERDE DIEGO	MARÍA DEL CARMEN

ANEXO II

LISTAXE DE ACREDITACIÓNS A PROFESOR/A TITULAR DE UNIVERSIDADE RECIBIDAS DENDE A RR DO 15 DE NOVEMBRO DE 2023 (Orde alfabética)

DEPARTAMENTO	ÁREA	APELLIDOS	NOMBRE
C01	A0630	BODELÓN GONZÁLEZ	GUSTAVO
T11	A0785	CAO PAZ	ANA MARÍA
T03	A0590	CERDEIRA PÉREZ	FERNANDO
C11	A0755	CID SAMAMED	ANTONIO
C01	A0410	CONDE SIEIRA	MARTA PT
T08	A0398	COSTOYA NOGUEROL	JORGE
T14	A0800	DOCIO FERNÁNDEZ	LAURA
X05	A0189	DOMÍNGUEZ LLORIA	SARA
X10	A0675	DOMÍNGUEZ QUINTAS	SUSANA ELISA
X09	A0095	DOPICO PARADA	ANA ISABEL
H05	A0033	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	ADOLFO
C01	A0610	FERNÁNDEZ VILLAR	JOSÉ ALBERTO
H12	A0814	FERREIRO VÁZQUEZ	ÓSCAR
X01	A0813	GARCÍA VÁZQUEZ	MARÍA YOLANDA
T03	A0545	GONZÁLEZ BALDONEDO	JACOBO
T04	A0555	GULLÓN ESTÉVEZ	BEATRIZ
T15	A0570	LÓPEZ FERNÁNDEZ	HUGO
H12	A0814	LÓPEZ GONZÁLEZ	REBECA CRISTINA



DEPARTAMENTO	ÁREA	APELLIDOS	NOMBRE
X11	A0070	LÓPEZ VISO	MÓNICA
X11	A0070	MAHOU LAGO	JOSÉ MARÍA
X05	A0245	MANEIRO DIOS	RUBÉN
X07	A0230	MARTÍNEZ SALGUEIRO	ANDREA
T03	A0495	NAVARRO MEDINA	FERMÍN
X11	A0775	PÉREZ FREIRE	SILVIA
X14	A0105	PÉREZ SEOANE	JESÚS
C11	A0755	POLAVARAPU	LAKSHMINARAYANA
C07	A0640	PRIETO LAGE	MIGUEL ÁNGEL
X09	A0650	REYES SANTIAS	FRANCISCO
T04	A0555	SALGADO SEARA	JOSÉ MANUEL
T04	A0555	TORRES PÉREZ	MARÍA DOLORES
X11	A0070	VARELA ÁLVAREZ	ENRIQUE JOSÉ
T06	A0505	VEIGA LÓPEZ	FERNANDO

ANEXO III

LISTAXE DE ACREDITACIÓN A PROFESOR/A CONTRATADO DOUTOR/A RECIBIDAS DENDE A RR DO 15 DE DECEMBRO DE 2023 (Orde alfabética)

DEPARTAMENTO	ÁREA	APELLIDOS	NOMBRE
X03	A0135	ALCARAZ SALGADO	MARÍA HYLMA
X09	A0650	BELLAS RIVERA	ROBERTO
T03	A0600	CABARCOS REY	ADRIÁN
T14	A0800	EXPÓSITO PÉREZ	ISABEL
H04	A0335	FIGUEIRAS CATOIRA	CARLA
X14	A0105	FONTENLA PEDREIRA	JULIA
X05	A0193	FUENTES CID	SARA
T05	A0065	GÓMEZ BARREIRO	SILVIA
T14	A0800	GÓMEZ CUBA	FELIPE
T03	A0495	GÓMEZ SAN JUAN	ALEJANDRO MANUEL
C09	A0760	GONZÁLEZ BALLESTEROS	NOELIA
C02	A0412	GONZÁLEZ PUIG	CAROLINA BEATRIZ
X10	A0675	MARTÍNEZ RODRÍGUEZ	BEATRIZ
C05	A0265	MARTÍNEZ VILLANUEVA	NORA
H10	A0567	MÉNDEZ SANTOS	MARÍA DEL CARMEN
X03	A0175	OTERO OTERO	BLANCA
X05	A0187	PADRÓN CABO	ALEXIS
C01	A0050	POMBAL DIEGO	MIGUEL ÁNGEL
X07	A0230	SHAKINA	ELENA

